

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

15785 *Real decreto 1282/2010, do 15 de outubro, polo que se regulan os mercados secundarios oficiais de futuros, opcións e outros instrumentos financeiros derivados.*

O Real decreto 1814/1991, do 20 de decembro, polo que se regulan os mercados oficiais de futuros e opcións, permitiu durante case vinte anos o desenvolvemento destes mercados en España, incrementándose progresivamente os volumes de contratación e diversificando a gama de contratos negociados neles.

A evolución recente dos mercados financeiros en xeral, e do mercado de instrumentos financeiros derivados en particular, provocou a obsolescencia do citado Real decreto 1814/1991, do 20 de decembro, e a necesidade de proceder a unha revisión e actualización da normativa pola que se rexen os mercados de futuros, opcións e outros instrumentos financeiros derivados en España. Neste sentido hai que ter en conta que a Lei 47/2007, do 19 de decembro, pola que se modifica a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, modificou o artigo 59 da dita lei co obxecto de introducir os elementos necesarios que permitisen a modernización dos nosos mercados secundarios oficiais de instrumentos financeiros derivados.

Con este real decreto desenvólvese o mencionado artigo 59 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en diante, Lei 24/1988, do 28 de xullo, que ten os seguintes obxectivos:

En primeiro lugar, equiparar a nosa regulación aos estándares normativos propios dos mercados internacionais do noso ámbito, para mellorar a capacidade competidora dos nosos mercados. En segundo lugar, facilitar a introdución de novos produtos, servizos e liñas de negocio nos mercados españois de instrumentos financeiros derivados. En terceiro lugar, reducir o risco sistémico asociado principalmente á compensación e liquidación dos contratos de instrumentos financeiros derivados e, por último, contribuír ao afondamento do mercado único europeo co establecemento de acordos e conexións con outros mercados de derivados do noso ámbito que favorezan a interoperabilidade, as ganancias de eficiencia e a posibilidade de elección de infraestruturas de mercado por parte dos seus usuarios.

Para o cumprimento dos obxectivos mencionados, as novidades máis destacables do novo réxime xurídico dos mercados secundarios oficiais de instrumentos financeiros derivados son, por unha banda, a ampliación dos produtos negociables e rexistrables nestes mercados, que non se circunscriben só a futuros ou opcións, senón que comprenden todos os instrumentos financeiros derivados incluídos no artigo 2 da Lei 24/1988, do 28 de xullo. Por outra banda, prevese a posibilidade de que a sociedade reitora do mercado poida ofrecer os servizos de contrapartida central de conformidade co disposto no artigo 44 ter da Lei 24/1988, do 28 de xullo. Por último, hai que destacar o novo sistema de achega de garantías por parte dos membros do mercado e de utilización destas pola sociedade reitora en caso de se produciren incumprimentos no mercado.

O Real decreto consta de 32 artigos, divididos en 6 capítulos, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras. Os capítulos I e II, baixo as rúbricas respectivas de «Disposicións xerais» e «Dos mercados secundarios oficiais de futuros e opcións», conságranse a diversas cuestións de orde xeral e neles aparecen xa esbozadas algunhas das innovacións fundamentais do proxecto. Así, dentro do capítulo I, no artigo 2, establécese a que é unha das novidades máis importantes deste real decreto: a posibilidade de que a sociedade reitora ofrezca servizos de negociación, rexistro e contrapartida central ou ben só servizos de rexistro e contrapartida ou só servizos de negociación. Xa no capítulo II, dividido en catro seccións, a través do artigo 4 e 11, alixéirase o contido preceptivo do Regulamento do mercado e das condicións xerais dos

contratos, e suprimense algunhas mencións excesivamente concretas e innecesarias, tales como as modalidades de ordes e os horarios de contratación, no primeiro caso, ou o primeiro e último día de negociación, no segundo.

Suprímese a preceptiva intervención dos organismos reitores dos mercados onde se negocie o subxacente dos futuros e opcións en relación coa aprobación de novos contratos ou a súa suspensión.

No artigo 6 encóntrase outra das grandes novidades, referida á posibilidade de instaurar un réxime de rexistro contable de dobre nivel, formado polo rexistro central, a cargo da sociedade reitora (sistema actual), e os eventuais rexistros de detalle, a cargo dos membros autorizados a actuar como rexistradores. Asegúrase a correspondencia entre ambos os rexistros. Nesta estrutura, os clientes poden escoller entre abrir a súa conta no rexistro central (sistema actual) ou no rexistro de detalle dun membro. As contas propias dos membros ábrense no rexistro central sen que as súas posicións se compensen coas dos clientes.

No artigo 10 queda aberta a posibilidade de que a sociedade reitora ofrezca servizos de contrapartida central para produtos derivados negociados bilateralmente que, polas súas características atípicas, non están admitidos a negociación nos mercados organizados.

O capítulo III desenvolve as normas aplicables ás sociedades reitoras dos mercados secundarios oficiais de futuros e opcións. No artigo 14 suprímese a exigencia de que cada mercado de futuros e opcións conte coa súa propia sociedade reitora e adécuase a definición das funcións destas aos termos do actual artigo 59 da Lei do mercado de valores. Estrutúrase cada un deses mercados con carácter unitario, xestionado por unha mesma sociedade reitora e rexido por unha normativa básica común, pero coa posibilidade de acoller diferentes grupos de contratos organizados polo tipo de activo subxacente. Así mesmo, no dito artigo 14 habilitase a sociedade reitora, de acordo coas disposicións do artigo 59 da Lei do mercado de valores, para que poida ofrecer os servizos de contrapartida central a que se refire o artigo 44 ter da Lei do mercado de valores.

O capítulo IV contén a regulación dos membros dos mercados secundarios oficiais de futuros e opcións. A regulación do acceso á condición de membro adécuase ao artigo 59.3 da Lei do mercado de valores para se facer eco das novas modalidades de membros contidas actualmente no dito corpo normativo. Igualmente, en consonancia co artigo 44 ter da Lei do mercado de valores, prevese a posibilidade de que adquiran a condición de membro as entidades encargadas da depositaría central de valores e outras cámaras de contrapartida.

No capítulo V contense o réxime de garantías. O real decreto diversifica este réxime, e incorpórase a garantía achegada polo propio mercado e a garantía colectiva. Por outro lado, a estruturación do mercado por grupos de contratos permite o establecemento dun esquema de achega de garantías adecuado ao risco propio de cada grupo, así como o cumprimento do principio de non contaminación entre os diferentes grupos de contratos.

Finalmente, no capítulo VI establécense os principios básicos que debe respectar o réxime de incumprimentos dos membros e clientes, que se recollerá no Regulamento do mercado.

Na parte final destaca a disposición derogatoria única, que recolle a derogación do Real decreto 1814/1991, do 20 de decembro, polo que se regulan os mercados oficiais de futuros e opcións, así como calquera outra norma de rango igual ou inferior ao proxectado real decreto, no que resulte incompatible co seu contido.

Na disposición derradeira primeira enúncianse os títulos competenciais constitucionais que lle permiten ao Goberno da Nación ditar este real decreto, a saber: a competencia sobre a lexislación mercantil, artigo 149.1.6.^a da Constitución; as bases da ordenación do crédito, a banca e os seguros, artigo 149.1.11.^a da Constitución, e as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, artigo 149.1.13.^a da Constitución.

Por último, na disposición derradeira terceira, dispónse a entrada en vigor da nova norma o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado». A ausencia efectiva de «vacatio legis» sálvase co período de adaptación de seis meses establecido pola disposición transitoria única.

Na súa virtude, por proposta da vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de outubro de 2010,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Quedan regulados mediante este real decreto a creación, organización e funcionamento dos mercados secundarios oficiais de futuros e opcións de ámbito estatal.

Artigo 2. *Mercados secundarios oficiais de futuros, opcións e outros instrumentos financeiros derivados.*

1. Os mercados secundarios oficiais de futuros, opcións e outros instrumentos financeiros derivados terán por obxecto a negociación, rexistro, compensación, liquidación e contrapartida daqueles contratos de futuros, opcións e doutros instrumentos financeiros derivados, calquera que sexa o activo subxacente, previstos no artigo 2 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, que sexan aptos para iso de acordo co que se estableza no Regulamento do mercado e nas correspondentes condicións xerais de cada contrato.

2. A sociedade reitora poderá levar a cabo todas ou soamente algunha das funcións a que se refire o número anterior, de acordo co que se estableza nas correspondentes condicións xerais de cada contrato. Ademais, a sociedade reitora poderá realizar a actividade de contrapartida central, de acordo coas previsións do artigo 44 ter da Lei 24/1988, do 28 de xullo, coas particularidades e nos termos que, se é o caso, se establezan no Regulamento do mercado.

3. Os contratos estarán representados exclusivamente mediante anotacións en conta nos rexistros contables da correspondente sociedade reitora ás cales será de aplicación o réxime contido no capítulo II do título I da Lei 24/1988, do 28 de xullo, coas adaptacións que impoñan as especiais características daqueles.

CAPÍTULO II

Dos mercados secundarios oficiais de futuros e opcións

Sección primeira. Autorización dos mercados secundarios oficiais de futuros e opcións

Artigo 3. *Autorización e inscrición de mercados secundarios oficiais de futuros e opcións.*

1. A autorización para a creación de mercados secundarios oficiais de futuros e opcións corresponderá ao titular do Ministerio de Economía e Facenda, por proposta da Comisión Nacional do Mercado de Valores, en diante CNMV, de conformidade co disposto no artigo 31 bis da Lei 24/1988, do 28 de xullo. Á solicitude deberase xuntar a seguinte documentación:

a) Unha memoria explicativa na cal deberá constar, polo menos, a xustificación do proxecto e a súa viabilidade, a identificación dos promotores e a dotación de medios materiais e humanos prevista.

b) Un proxecto de estatutos da sociedade reitora.

c) Un proxecto de Regulamento do mercado.

d) Unha memoria de riscos que deberá detallar conxuntamente os criterios e políticas en materia de xestión dos riscos que asume a sociedade reitora no desenvolvemento das súas funcións, e especialmente na súa función de cámara de contrapartida de acordo co

disposto no artigo 10, así como os mecanismos e procedementos que empregará para mitígalos. A sociedade reitora manterá actualizada esta memoria, cuxas modificacións se remitirán á CNMV.

2. Unha vez concedida a autorización a que se refire o número un, os mercados secundarios oficiais de futuros e opcións non poderán comezar a operar ata que a súa sociedade reitora quede inscrita no rexistro oficial mencionado no artigo 92.i) da Lei 24/1988, do 28 de xullo. Esta inscrición deberase producir no prazo de tres meses contados desde a constitución da sociedade reitora.

Artigo 4. *Regulamento do mercado.*

1. Os mercados secundarios oficiais de futuros e opcións rexeranse polos preceptos correspondentes da Lei 24/1988, do 28 de xullo, polo disposto neste real decreto e polo seu propio Regulamento do mercado.

2. O Regulamento do mercado regulará, polo menos, as seguintes materias:

a) Membros do mercado:

- 1.º Clases de membros.
- 2.º Condicións de acceso á condición de membro, nas súas diversas categorías.
- 3.º Contido mínimo dos documentos contractuais que as diferentes clases de membros deben subscribir coa sociedade reitora.
- 4.º Funcións, obrigas e dereitos das diferentes clases de membros coa sociedade reitora e, de ser o caso, entre os propios membros do mercado.

b) Clientes:

- 1.º Dereitos e obrigas fronte á sociedade reitora e ás diferentes clases de membros.
- 2.º Contido mínimo dos documentos contractuais que deben subscribir cos membros do mercado.
- 3.º Procedementos para a presentación e tramitación das reclamacións dos clientes.

c) Negociación:

- 1.º Criterios xerais da negociación.
- 2.º Clase de ordes e rexistro de transaccións.
- 3.º Forma de establecemento dos horarios de negociación.
- 4.º Resolución de incidencias.
- 5.º Sistema de difusión da información.
- 6.º Supostos de interrupción da contratación.

d) Rexistro:

- 1.º Sistema de rexistro.
- 2.º Normas xerais do rexistro.
- 3.º De ser o caso, réxime aplicable ao rexistro central e ao rexistro de detalle.
- 4.º Requisitos e funcións dos membros autorizados para levar o rexistro de detalle correspondente aos contratos dos seus clientes.
- 5.º Tipos de contas.

e) Liquidación:

- 1.º Criterios xerais da liquidación.
- 2.º Procedemento de liquidación dos contratos.

f) Contrapartida central:

1.º Criterios xerais da función de contrapartida, incluíndo, se é o caso, o relativo á responsabilidade da cámara de contrapartida central.

g) Garantías:

- 1.º Réxime xeral de determinación.
- 2.º Método de constitución das garantías exixibles aos membros e aos seus clientes.
- 3.º Criterios de remuneración das garantías constituídas.
- 4.º De ser o caso, réxime xeral das garantías achegadas pola sociedade reitora e réxime da garantía colectiva.
- 5.º Potestade da sociedade reitora para establecer límites ás posicións abertas de membros e clientes.
- 6.º Criterios para a aplicación das garantías.

h) Disciplina:

- 1.º Medidas que, sen prexuízo do previsto no capítulo VI sobre o réxime de incumprimentos deste real decreto, poida adoptar a sociedade reitora para garantir o adecuado desenvolvemento da negociación, compensación, liquidación, rexistro e contrapartida e o estrito cumprimento das súas obrigas polos participantes no mercado.
- 2.º Réxime aplicable en caso de incumprimentos dos membros e clientes.
- 3.º Funcións de supervisión da sociedade reitora.

i) Contratos:

1.º Figurarán como anexo ao Regulamento do mercado as condicións xerais dos contratos aprobados segundo o disposto no artigo 11. Os ditos anexos producirán os efectos do documento previsto no artigo 6 da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

2.º Poderanse establecer tamén como anexo ao Regulamento do mercado diferentes categorías ou grupos de contratos, entendendo por tales as clases de contratos consideradas conxuntamente para os efectos da normativa e do réxime de garantías aplicables a eles.

3. O titular do Ministerio de Economía e Facenda, e coa súa habilitación expresa a CNMV, co fin de protexer o interese dos investidores, de fomentar o bo funcionamento e a transparencia dos mercados e de asegurar o respecto ás normas da Lei 24/1988, do 28 de xullo, poderán establecer normas a que se deban axustar obrigatoriamente os regulamentos do mercado.

4. A CNMV poderá establecer normas de obrigado cumprimento para os membros do mercado nas súas relacións cos seus clientes no referente á documentación que debe acompañar a formalización das ordes de compra ou venda e o seu rexistro.

5. As disposicións contidas no Regulamento do mercado terán o carácter de normas de ordenación e disciplina do mercado de valores, e están obrigados ao seu estrito cumprimento a sociedade reitora, os membros do mercado e os clientes.

Artigo 5. Modificación do Regulamento do mercado.

1. A modificación do Regulamento do mercado requirirá a aprobación previa pola CNMV.

2. Non requirirán aprobación as modificacións derivadas do cumprimento de normas legais ou regulamentarias, de resolucións xudiciais ou administrativas, ou aquelas que a CNMV, en contestación a consulta previa e dada a súa escasa relevancia, non o considere necesario. Estas modificacións deberán ser comunicadas, en todo caso, á CNMV nun prazo non superior a dous días hábiles desde a adopción do acordo.

Sección segunda. Rexistro de contratos de instrumentos financeiros derivados

Artigo 6. Rexistro.

1. O Regulamento do mercado determinará o sistema de rexistro dos instrumentos financeiros derivados anotados en conta. En concreto, serán obxecto de rexistro os contratos de futuros, de opcións e doutros instrumentos financeiros a que se refire o artigo 2, que estean admitidos para os efectos de negociación e contrapartida ou só para os efectos de contrapartida.

2. Respecto dos contratos mencionados no número anterior, poderán ser obxecto de rexistro contratos negociados nos sistemas de negociación do mercado, contratos negociados bilateralmente entre os membros, entre os membros e os clientes, ou entre os clientes, e contratos negociados en mercados ou sistemas de negociación non xestionados pola sociedade reitora, con que esta subscribise os oportunos acordos para levar a cabo as funcións de cámara de contrapartida central, ou en mercados ou sistemas xestionados pola sociedade reitora, segundo o que se previse no regulamento propio do dito mercado ou sistema de negociación.

3. A sociedade reitora, de acordo co disposto no Regulamento do mercado, determinará os medios técnicos, procedementais e operativos necesarios para que os membros poidan acceder ao rexistro dos contratos mencionados no número 1.

Artigo 7. Rexistro central e rexistros de detalle.

1. O mantemento do rexistro corresponderá á sociedade reitora que, se é o caso, desenvolverá esta función xunto cos membros autorizados para o mantemento dos rexistros de detalle, de acordo co previsto neste real decreto.

O Regulamento do mercado poderá prever a existencia dun desdobramento do rexistro central en rexistros de detalle correspondentes aos contratos dos clientes dos membros do mercado. Neste caso, o rexistro contable dos contratos estará formado por un rexistro central, a cargo da sociedade reitora, e polos rexistros de detalle, a cargo dos membros autorizados a levalos, os cales deberán cumprir os requisitos que se establezan no Regulamento do mercado para xestionar os ditos rexistros.

2. Os contratos anotaranse no rexistro central e, de ser o caso, simultaneamente nos rexistros de detalle. As obrigas de contrapartida da sociedade reitora nacerán desde o momento en que os contratos se anoten no rexistro central ao seu cargo. Todas as anotacións que se practiquen nos rexistros de detalle estarán tamén reflectidas no rexistro central.

3. A modificación ou cancelación das anotacións practicadas tanto no rexistro central coma nos rexistros de detalle só se poderá levar a cabo en virtude de resolución xudicial, salvo que se trate de erros materiais evidentes ou fallos técnicos, compensacións de posición dentro dunha conta ou traspasos entre contas, nos termos do Regulamento do mercado.

4. A sociedade reitora será responsable en todo momento do estrito control da correspondencia entre as posicións reflectidas nas contas do rexistro central correspondentes a cada membro e as das contas dos rexistros contables de detalle a cargo dos ditos membros. Ademais, a sociedade reitora será responsable de supervisar o método de cálculo e constitución das garantías exixidas polos membros autorizados para o mantemento dos rexistros de detalle aos seus clientes.

A sociedade reitora establecerá os sistemas de comprobación necesarios para asegurar a correspondencia entre as contas do rexistro de detalle a cargo dos membros autorizados a levalos, e as contas do rexistro central, de maneira que as primeiras teñan o seu fiel reflexo nas segundas.

Artigo 8. Tipos de contas.

1. As contas do rexistro poderán ser propias ou de clientes. As contas propias dos membros abríranse necesariamente no rexistro central e o seu titular será o membro.

Nelas rexistraranse, sen excepción, todas as posicións do membro no mercado. Os clientes poderán abrir, a través dos membros, as súas contas no rexistro central xestionado pola sociedade reitora, ou no rexistro de detalle xestionado polos membros autorizados a levalo. O titular de cada unha destas contas será un cliente e nelas anotaranse as súas posicións.

2. As contas de clientes do rexistro de detalle poderán ser de dous tipos:

a) Aquelas para as cales se mantén, para os efectos do cálculo e constitución de garantías, separación entre as posicións dos clientes e as propias do membro, e

b) Aquelas para as cales, aínda conservándose separadas as anotacións das posicións dos clientes, non hai separación, para os efectos do cálculo e constitución de garantías, entre as posicións dos clientes e as propias do membro. Os titulares deste último tipo de conta deberán ser contrapartes elixibles nos termos do artigo 78 ter da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

3. As contas de cliente abertas no rexistro de detalle terán a súa correspondencia en contas do rexistro central, cuxa titularidade corresponde ao membro, que reflectirán a suma das posicións das contas de clientes abertas no rexistro de detalle.

As contas do rexistro central mencionadas no número anterior, que engloban e reflicten as posicións das contas do rexistro de detalle, poderán ser de dous tipos:

a) Aquelas para as cales se mantén, para os efectos do cálculo e constitución de garantías, separación entre as posicións dos clientes e as propias do membro, e

b) Aquelas para as cales, aínda conservándose separadas as anotacións das posicións dos clientes, non hai separación, para os efectos do cálculo e constitución de garantías, entre as posicións dos clientes e as propias do membro.

4. Co fin de facilitar a operativa de membros e clientes, a sociedade reitora poderá establecer mecanismos que faciliten a asignación de operacións negociadas a través dun membro ás contas doutro membro, responsable da xestión das posicións do titular das ditas operacións.

Artigo 9. *Obrigas dos membros autorizados para a mantemento de rexistros de detalle.*

1. Os membros que lle soliciten á sociedade reitora seren autorizados para levar rexistros de detalle dos contratos dos seus clientes con contas para as cales as garantías estean separadas das garantías correspondentes á conta propia do membro, deberán dispoñer duns recursos propios mínimos de dezaioito millóns de euros ou cumprir requisitos alternativos que proporcionen un nivel equivalente de solvencia, de acordo co que se estableza no Regulamento do mercado, en función da categoría de membro ou das funcións que desenvolvan.

Os membros que queiran ser autorizados para levar rexistros de detalle dos contratos dos seus clientes con contas para as cales as garantías non estean separadas das garantías correspondentes á conta propia do membro, deberán dispoñer duns recursos propios mínimos de cincocentos millóns de euros.

2. Os membros que soliciten ser autorizados para levar os rexistros de detalle deberán dispoñer dos medios técnicos adecuados que lle permitan ao membro organizar e xestionar os rexistros de detalle de maneira que manteñan a axeitada correspondencia co rexistro central a cargo da sociedade reitora, xestionar as garantías correspondentes ás posicións rexistradas nas contas dos rexistros de detalle e levar a cabo cantas actuacións lles correspondan en desenvolvemento desta función, de acordo co que se estableza no Regulamento do mercado.

3. Os membros autorizados a levar os rexistros de detalle deberán aplicar e cumprir todas aquelas medidas que a sociedade reitora estableza, tanto no Regulamento do mercado como nas normas de desenvolvemento deste, en relación coas obrigas destes membros, a forma e estrutura dos rexistros de detalle e a correspondencia entre estes últimos e o rexistro central.

4. Os membros autorizados a levar rexistros de detalle estarán obrigados a subministrar á CNMV, á sociedade reitora e a calquera autoridade que teña legalmente atribuídas potestades respecto da autorización e supervisión da actuación dos membros, clientes e da sociedade reitora, toda a información detallada que lles sexa requirida respecto das posicións de cada cliente rexistradas nas contas de clientes do rexistro de detalle, do tipo que sexan.

Sección terceira. Función de cámara de contrapartida central

Artigo 10. *Cámara de contrapartida.*

1. A sociedade reitora dará por si mesma, ou asegurará por medio doutra entidade, logo de aprobación da CNMV, contrapartida de todos os contratos que se negocien nos sistemas de negociación do mercado do cal sexa sociedade reitora, de acordo co disposto no artigo 44 ter da Lei 24/1988, do 28 de xullo. Exceptúanse, se é o caso, e de acordo co que se estableza nas correspondentes condicións xerais dos contratos, aqueles contratos que no mercado só sexan obxecto de negociación, respecto dos cales a sociedade reitora alcanzase, se é o caso, os oportunos acordos con entidades de contrapartida central nas cales se compensen e liquiden os ditos contratos.

2. No exercicio da función de contrapartida central previsto no artigo 2.2, a sociedade reitora poderá establecer acordos con outras entidades residentes e non residentes, cuxas funcións sexan análogas ou que xestionen sistemas de compensación e liquidación de valores, participar no accionariado das ditas entidades ou admitir estas como accionistas. Os ditos acordos requirirán a aprobación previa da CNMV ou, se é o caso, do Goberno, de acordo co disposto no artigo 31 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, e a súa normativa de desenvolvemento.

3. Igualmente, a sociedade reitora poderá levar a cabo funcións de contrapartida:

a) Dos contratos que, estando admitidos no mercado para os efectos de negociación e contrapartida, se negociasen directamente entre os membros, entre os membros e os clientes, ou entre os clientes e respecto dos cales se solicitase o seu rexistro.

b) Dos contratos que, estando admitidos só para os efectos de contrapartida, se negociasen directamente entre os membros, entre os membros e os clientes, ou entre os clientes e respecto dos cales se solicitase o seu rexistro.

c) Dos contratos negociados en mercados ou en sistemas de negociación, non xestionados pola sociedade reitora, con que esta subscribise os oportunos acordos para levar a cabo as funcións de cámara de contrapartida central, ou xestionados pola sociedade reitora segundo o que esta previse no regulamento propio do dito mercado ou sistema de negociación, todo iso de acordo co que se estableza nas correspondentes condicións xerais dos contratos.

Sección cuarta. Contratos de instrumentos financeiros derivados

Artigo 11. *Condicións xerais dos contratos.*

1. Corresponderá á CNMV, por solicitude da sociedade reitora, aprobar as condicións xerais dos contratos que deban ser obxecto de negociación, rexistro, compensación, liquidación e contrapartida, así como as súas modificacións.

2. As condicións xerais dos contratos deberanse redactar con claridade e precisión, e deberán conter, polo menos, os seguintes aspectos:

- a) Descrición do tipo de subxacente dos contratos.
- b) Categoría ou grupo de contratos a que pertence, se é o caso.
- c) Importe nominal.
- d) Funcións que a sociedade reitora levará a cabo en relación cos contratos.
- e) Modo de determinación dos vencementos de contratos admitidos para os efectos de negociación e contrapartida.
- f) Forma de cotización para os contratos que sexan obxecto de negociación.

- g) Determinación do formato do prezo para os contratos que se rexistren só para os efectos de contrapartida.
- h) Membros con acceso á negociación ou ao rexistro para os efectos de contrapartida.
- i) Criterios para a introdución de novas series, no caso das opcións.
- j) Regras de liquidación ao vencemento, con indicación, se é o caso, da forma de determinación dos valores entregables ou do prezo de liquidación a vencemento.
- k) Regras de determinación, se procede, das garantías exixibles.

3. Poderanse negociar e rexistrar para os efectos de contrapartida, ou só rexistrarse para os efectos de contrapartida ou só negociarse contratos cuxo cumprimento exixa a entrega efectiva, ao prezo convido, do activo subxacente a que se refiran ou doutro que resulte equivalente, de acordo co previsto nos ditos contratos. Tamén se poderán negociar e rexistrar para os efectos de contrapartida, ou só rexistrarse para os efectos de contrapartida ou só negociarse contratos cuxa liquidación se efectúe por diferenzas, e a parte obrigada aboará o importe que resulte da diferenza entre o prezo inicialmente convido e o prezo de liquidación, determinado de acordo co previsto nas súas propias condicións xerais, ou contratos cuxa liquidación se poida realizar combinando a entrega física do activo subxacente e a liquidación en efectivo, de acordo co que se estableza nas condicións xerais.

Artigo 12. *Suspensión da negociación ou rexistro.*

1. A CNMV poderá suspender a negociación ou o rexistro dun contrato cando concorran circunstancias especiais que poidan perturbar o normal desenvolvemento das operacións no mercado ou aconsellen a dita medida para a protección dos investidores.

2. A sociedade reitora poderá suspender a negociación ou o rexistro de un ou de varios contratos, ou a actuación no mercado de un ou de varios dos seus membros, cando resulte necesario para impedir a comisión dalgunha infracción de normas ou para garantir o ordenado desenvolvemento da negociación, ou cando iso fose necesario para a protección dos intereses da sociedade reitora, do mercado ou dos participantes nel. A sociedade reitora informará previamente destas actuacións a CNMV ou poñerá inmediatamente no seu coñecemento.

3. A sociedade reitora fará pública a suspensión da negociación dos contratos, e a suspensión da actuación no mercado de un ou de varios membros, salvo cando se puidese causar prexuízo grave aos intereses dos investidores ou ao funcionamento ordenado do mercado, de acordo co réxime de publicidade que se prevexa no Regulamento do mercado.

4. A suspensión, a que se refiren os dous números anteriores, quedará levantada nun prazo máximo de dez días hábiles, salvo que fose ratificada expresamente por subsistiren as causas que orixinasen a suspensión.

Artigo 13. *Exclusión de contratos.*

A sociedade reitora, atendendo a razóns de falta de liquidez ou ao interese xeral do mercado, poderá acordar a exclusión de contratos, o que, en ningún caso, poderá supoñer a desaparición das obrigas e dereitos asociados a todos os que non estivesen liquidados nese momento. Inmediatamente despois de adoptar a decisión deberá comunicala á CNMV e facela pública.

CAPÍTULO III

Das sociedades reitoras dos mercados secundarios oficiais de futuros e opcións

Artigo 14. *Natureza e funcións.*

1. Os mercados secundarios oficiais de futuros e opcións estarán rexidos e administrados por unha sociedade anónima, denominada sociedade reitora, que terá como

obxecto exclusivo as funcións establecidas neste real decreto e aquelas directamente relacionadas co seu desenvolvemento.

2. Á sociedade reitora correspóndelle organizar, dirixir, ordenar e xestionar o rexistro, a negociación, compensación e liquidación, así como a contrapartida dos contratos actuando como compradora nos contratos fronte ao vendedor e como vendedora nos contratos fronte ao comprador. A sociedade reitora levará a cabo todas ou algunhas destas funcións de acordo co establecido neste real decreto, no Regulamento do mercado e nas condicións xerais do correspondente contrato.

3. A sociedade reitora será a responsable da organización dos servizos que ofrezca e dispoñerá dos medios precisos para o seu funcionamento e, en xeral, dirixirá e ordenará as actividades que se desenvolvan no mercado.

4. A sociedade reitora non terá a condición de membro negociador do correspondente mercado. Non obstante, realizará no mercado as actuacións encomendadas por este real decreto.

Artigo 15. *Estatutos.*

1. Os estatutos das sociedades reitoras e as súas modificacións deberán ser obxecto de aprobación pola CNMV. Non requirirán aprobación as modificacións derivadas do cumprimento de normas legais ou regulamentarias, de resolucións xudiciais ou administrativas, ou aquelas que a CNMV, en contestación a consulta previa e dada a súa escasa relevancia, non considere necesario. Estas modificacións deberán ser comunicadas, en todo caso, á CNMV nun prazo non superior a dous días hábiles desde a adopción do acordo.

2. A aprobación dos estatutos sociais ou das súas modificacións estará condicionada a que se asegure de modo suficiente:

a) O cumprimento da Lei 24/1988, do 28 de xullo, e o establecido neste real decreto e demais normativa de desenvolvemento.

b) A inexistencia de normas ambiguas ou insuficientemente desenvolvidas e a previsión expresa dos elementos necesarios para garantir o adecuado desenvolvemento do seu obxecto social.

3. Os estatutos sociais das sociedades reitoras deberanse inspirar nos fins do mercado e no interese dos seus membros e, de forma especial, no dos clientes, e deberán especificar, como mínimo:

a) A composición dos órganos Colexiados e a determinación dos acordos que precisarán para a súa adopción de maiorías cualificadas.

b) As eventuais limitacións da titularidade ou exercicio dos dereitos sociais, especialmente os de voto, que, de acordo co texto refundido da Lei de sociedades anónimas aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, se establezan para evitar excesivas concentracións do poder social ou para o mellor respecto do interese do mercado.

c) Os requisitos exixibles para poder posuír a condición de accionista.

4. De existir unha sociedade matriz da sociedade reitora, o réxime de aprobación dos seus estatutos sociais e das súas modificacións será o previsto nos números anteriores.

Artigo 16. *Órganos de administración e dirección.*

1. As sociedades reitoras deberán contar cun consello de administración composto por non menos de cinco persoas e con, polo menos, un director xeral.

2. O nomeamento dos membros do consello de administración e do director xeral deberá ser aprobado pola CNMV para os efectos de comprobar que os nomeados reúnen os requisitos das letras f) e g) do artigo 67.2 da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

Artigo 17. *Requisitos financeiros.*

1. O capital das sociedades reitoras será o necesario para asegurar a consecución do seu obxecto social. Os recursos propios da sociedade reitora non deberán ser inferiores a dezaoto millóns de euros nin á suma das garantías achegadas pola sociedade reitora.

O titular do Ministerio de Economía e Facenda ou, coa súa habilitación expresa, a CNMV, poderá determinar unha cantidade mínima de recursos propios inferior á sinalada no parágrafo anterior, atendendo ás características do mercado de que se trate e á suficiencia dos ditos recursos propios e o seu grao de liquidez, de acordo cos riscos que asume en cada momento e as probas de tensión e outras técnicas similares que utilice.

2. A sociedade reitora deberá manter informada a CNMV sobre os criterios de determinación da suficiencia dos seus recursos propios, incluíndo o seu grao de liquidez e efectividade, de acordo cos riscos que asume en cada momento e co resultado das probas de tensión ou outras técnicas que utilice na dita determinación. Todo iso incluírase na memoria de riscos a que se refire o artigo 3.1.d).

3. O capital social da sociedade reitora deberá estar formado por accións nominativas que estarán integramente subscritas e desembolsadas.

Artigo 18. *Funcións de supervisión a cargo da sociedade reitora.*

1. Sen prexuízo das facultades de supervisión, inspección e sanción que corresponden á CNMV, as sociedades reitoras dos mercados de futuros e opcións deberán velar pola salvagarda dos dereitos dos investidores, pola corrección e transparencia dos procesos de formación dos prezos, pola seguridade do mercado e a ponderación dos riscos asumidos neles, pola estrita observancia das normas aplicables ao rexistro, contratación e, de ser o caso, contrapartida central e demais actividades propias do mercado, así como, en xeral, polo seu correcto desenvolvemento.

2. En cumprimento do disposto no número anterior, as sociedades reitoras:

a) Porán de inmediato en coñecemento da CNMV cantos feitos ou actuacións poidan entrañar infracción de normas de obrigado cumprimento ou desviación dos principios inspiradores da regulación dos mercados de valores, así como toda infracción significativa das normas do mercado e toda anomalía nas condicións de negociación ou de actuación que poida supoñer abuso de mercado.

b) Prestarán á CNMV tanta asistencia lles solicite no exercicio das súas funcións de supervisión e inspección e en exercicio da súa potestade sancionadora.

c) Poderán suspender a negociación de un ou de varios contratos, ou a actuación no mercado de un ou de varios dos seus membros, ou acordar a exclusión de un ou de varios contratos, de acordo co disposto nos artigos 12 e 13.

d) Levarán a cabo as necesarias actuacións de comprobación do cumprimento polos membros das obrigas que lles corresponden; os membros deberán facilitar e cooperar nas referidas comprobacións e atender os requirimentos de información que se lles dirixan.

e) En caso de incumprimento das obrigas que corresponden aos membros e clientes, adoptarán, ou velarán por que se adopten, as medidas que se prevesen no Regulamento do mercado. Estes incumprimentos poderán conducir ao peche de todas as posicións abertas do membro ou cliente incumpridor e á perda da condición de membro ou cliente, na forma que se determine no Regulamento do mercado.

3. As sociedades reitoras deberán habilitar os medios e procedementos necesarios para o exercicio das funcións a que se refire o número anterior, así como das restantes funcións de vixilancia e supervisión do funcionamento do mercado, tanto no seu aspecto de negociación coma de rexistro, compensación así como de liquidación e contrapartida central, se é o caso, que lles asigne este real decreto e demais normativa vixente.

4. A CNMV poderá requirir tanta información sexa precisa para avaliar o cumprimento destas obrigas por parte das sociedades reitoras e establecer normas para o desenvolvemento da súa actividade.

Artigo 19. *Funcións de dirección.*

1. Os membros e clientes dos mercados secundarios oficiais de futuros e opcións estarán obrigados a cumprir cantas decisións adopte a sociedade reitora, dentro do marco da lexislación vixente, dos seus estatutos sociais e do Regulamento do mercado, no exercicio das súas funcións de organización, dirección, ordenación, xestión e supervisión do rexistro, negociación, compensación e liquidación, así como de contrapartida central.

2. As decisións da sociedade reitora que teñan por obxecto a ordenación e regulación xeral de aspectos determinados do rexistro, negociación, compensación e liquidación, así como de contrapartida, ou do funcionamento do mercado ou da fixación de requisitos ou criterios, xa sexa en cumprimento dunha disposición legal ou regulamentaria ou en cumprimento do Regulamento do mercado, deberán ser publicadas e comunicadas á CNMV, nas vinte e catro horas seguintes á súa adopción.

3. A CNMV poderá suspender a aplicación ou deixar sen efecto as decisións a que se refire o número anterior, cando considere que infrinxen a lexislación do mercado de valores ou prexudican a corrección e transparencia do proceso de formación de prezos ou a protección dos investidores.

4. A CNMV velará pola correcta aplicación por parte da sociedade reitora da lexislación vixente, do Regulamento do mercado e das decisións a que se refire o número 2, e poderá para tal fin requirir a modificación destas.

5. Deberanse publicar as decisións de carácter particular da sociedade reitora que desenvolvan ou apliquen as decisións a que se refire o número 2, ou que teñan por obxecto cuestións de carácter técnico, operativo ou procedemental relativas ao rexistro, negociación, compensación e liquidación, así como de contrapartida central ou ao funcionamento do mercado.

Artigo 20. *Réxime económico.*

1. Os recursos alleos das sociedades reitoras non superarán en ningún momento o valor contable dos seus recursos propios. Non se computarán, para estes efectos, os depósitos en garantía recibidos de membros ou clientes.

2. As sociedades reitoras elaborarán un orzamento estimativo anual, que deberá expresar detalladamente os prezos e comisións que vaian aplicar.

3. As sociedades reitoras poderán exixir retribución polos bens ou servizos que presten, incluído o aboamento de cantidades por negociación ou liquidación de operacións, a xestión de garantías, a conexión aos sistemas de negociación e de liquidación e o pagamento dos servizos relacionados coa difusión ou publicación de informacións relativas ao mercado.

4. As sociedades reitoras deberán remitir á CNMV o seu orzamento estimativo anual antes do un de decembro de cada ano, xunto cos prezos e comisións de que deriven os seus ingresos, así como as posteriores modificacións que introduzan nese orzamento, prezos e comisións.

5. A CNMV poderá establecer excepcións ou limitacións aos prezos máximos dos servizos a que se refire o número 3 cando poidan afectar a solvencia financeira da sociedade reitora, provocar consecuencias perturbadoras para o desenvolvemento do mercado de valores ou contrarias aos principios que o rexen, ou introducir discriminacións inxustificadas entre os distintos membros do mercado. A CNMV poderá solicitar das sociedades reitoras a oportuna ampliación da documentación e dos datos en que se basea a fixación dos seus prezos e comisións.

6. O titular do Ministerio de Economía e Facenda e, coa súa habilitación expresa, a CNMV, establecerá os modelos dos estados contables e estatísticos, tanto públicos coma reservados, que as sociedades reitoras deben remitir á CNMV, ditará as normas sobre a súa elaboración e frecuencia de envío, e fixará a forma en que, se é o caso, se deberán facer públicos.

7. A sociedade reitora deberá someter as súas contas anuais a informe de auditoría, segundo o establecido no artigo 86 da Lei 24/1988, do 28 de xullo. O informe de auditoría

anual será enviado a exame da CNMV, que poderá dirixir á sociedade reitora as recomendacións que considere pertinentes a resultas daquel.

CAPÍTULO IV

Dos membros dos mercados secundarios oficiais de futuros e opcións

Artigo 21. *Acceso á condición de membro.*

1. Considéranse membros do mercado as entidades facultadas para negociar contratos no mercado e para solicitar o rexistro de contratos para os efectos de contrapartida, de conformidade coas especificacións contidas no Regulamento do mercado.

Os membros poderanse clasificar en categorías, de acordo cos seguintes criterios:

- a) Que actúen só por conta allea, só por conta propia, ou por conta allea e por conta propia.
- b) Que participen ou non na liquidación dos contratos.
- c) Segundo outros criterios que a organización do mercado aconselle e o Regulamento do mercado prevexa.

2. Só poderán adquirir a condición de membro do mercado as entidades referidas no artigo 59.3 da Lei 24/1988, do 28 de xullo. O Regulamento do mercado fixará as condicións que se deberán cumprir para adquirir a condición de membro e, en particular, as que con carácter adicional se exixan aos membros liquidadores e aos membros autorizados para xestionar un rexistro de detalle, en atención aos riscos propios das súas especiais funcións.

3. As entidades que pretendan acceder á condición de membro con capacidade restrinxida á negociación e solicitude de rexistro para os efectos de contrapartida exclusivamente en relación con futuros e opcións e outros instrumentos financeiros con subxacente non financeiro, deberán:

- a) Gozar de recoñecida e acreditada experiencia e profesionalidade no sector propio do activo subxacente non financeiro correspondente.
- b) Contar cuns recursos propios mínimos de cincuenta mil euros.
- c) Dispoñer das medidas de organización necesarias para desenvolver adecuadamente a función de membro do mercado e,
- d) Cumprir cos requisitos adicionais de solvencia, organización e especialidade que a sociedade reitora estableza.

4. Nos casos en que a sociedade reitora leve a cabo funcións de contrapartida central de acordo co disposto no artigo 44 ter da Lei 24/1988, do 28 de xullo, poderán adquirir a condición de membros as entidades encargadas da depositaría central de valores autorizadas pola súa normativa a asumir riscos e outras cámaras de contrapartida central, de acordo cos oportunos acordos que a sociedade reitora subscribise para o efecto. En todo caso, a sociedade reitora poderá rexeitar a participación daquelas entidades que non admitan, en termos de reciprocidade, a participación da sociedade reitora nos seus sistemas.

5. A condición de membro do mercado outorgaraa a sociedade reitora, logo de solicitude do interesado, de acordo cos requisitos previstos no Regulamento do mercado. A solicitude só poderá ser denegada ou a condición de membro retirada por incumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento do mercado.

6. Á solicitude para o acceso á condición de membro do mercado deberase xuntar unha certificación expedida pola CNMV ou o Banco de España, segundo o tipo de entidade de que se trate, que acredite o cumprimento das condicións previstas no artigo 59.3 da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

7. A sociedade reitora remitirá á CNMV unha relación actualizada dos seus membros polo menos unha vez ao trimestre.

8. De acordo co disposto no artigo 84 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, todos os membros dos mercados secundarios oficiais de futuros e opcións quedarán suxeitos ao réxime de supervisión, inspección e sanción establecido na dita lei.

Artigo 22. *Perda da condición de membro.*

A condición de membro do mercado pérdese por renuncia ou por incumprimento dos requisitos e obrigas previstos neste real decreto e no Regulamento do mercado.

CAPÍTULO V

Do réxime de garantías

Artigo 23. *Deber de constitución e mantemento de garantías.*

1. O Regulamento do mercado establecerá o réxime de determinación, constitución, mantemento, existencia e xestión das garantías que deban constituír os membros e clientes, en función:

- a) Das posicións abertas que teñan contraídas ou de que sexan responsables.
- b) Da categoría de membro de que se trate.
- c) Das funcións que desenvolvan os ditos membros.

A sociedade reitora deberá manter informada a CNMV sobre os criterios de determinación dos parámetros de cálculo das garantías que aplique en cada momento. Os ditos criterios incluíranse na memoria de riscos a que se refire o artigo 3.1.d).

2. As garantías que os membros do correspondente mercado e os clientes constituían de conformidade co réxime contido no seu respectivo regulamento e en relación con calquera operación realizada no ámbito de actividade dos mercados de futuros e opcións só responderán fronte ás entidades a cuxo favor se constituíron e unicamente polas obrigas que de tales operacións deriven para coa sociedade reitora ou cos membros do correspondente mercado.

3. De acordo co que se estableza no Regulamento do mercado, as garantías serán constituídas a favor da sociedade reitora polos membros e clientes titulares de contas abertas no rexistro central e, se é o caso, a favor dos membros autorizados a levar rexistros de detalle, polos clientes titulares de contas de rexistro de detalle.

As garantías a favor da sociedade reitora constituiranse ante esta ou ante os membros, segundo se estableza no Regulamento do mercado. As garantías a favor dos membros autorizados a levar un rexistro de detalle constituiranse ante estes. En todo caso, os membros deberán manter un rexistro diferenciado das garantías que ante eles se constituían.

4. Os membros autorizados a levar os rexistros de detalle deberán aplicar e cumprir todas aquelas medidas que a sociedade reitora estableza, tanto no Regulamento do mercado como nas normas de desenvolvemento deste, en relación coa xestión de garantías.

A sociedade reitora establecerá os sistemas de comprobación necesarios respecto da adaptación da xestión de garantías dos membros que estean autorizados a levar rexistro de detalle conforme o disposto no Regulamento do mercado.

Artigo 24. *Réxime de garantía colectiva.*

1. O Regulamento do mercado poderá establecer un réxime de garantía colectiva, que será obrigatorio para todas ou, se é o caso, algunha categoría de membros, de acordo co que se estableza no dito regulamento.

No caso de que se estableza un réxime de garantía colectiva, o Regulamento do mercado deberá establecer os criterios para determinar os membros obrigados a realizar achegas, os criterios para determinar os importes das ditas achegas e a finalidade destas.

2. A sociedade reitora deberá manter informada a CNMV sobre os criterios de determinación dos importes das garantías colectivas que aplique en cada momento, así como do resultado das probas de tensión ou outras técnicas que utilice para a dita determinación. Estes criterios incluíranse na memoria de riscos a que se refire o artigo 3.1.d).

Artigo 25. Garantías achegadas pola sociedade reitora.

O Regulamento do mercado poderá establecer un réxime de achega de garantías pola sociedade reitora atendendo:

- a) Ás funcións de ordenación do rexistro, negociación, compensación, liquidación e contrapartida que realice a sociedade reitora.
- b) Á natureza dos contratos que sexan obxecto de rexistro, negociación, compensación e liquidación e contrapartida.
- c) Ás categorías de membros que participen no mercado e ás funcións que desenvolvan.

Artigo 26. Actualización das garantías.

1. O importe das garantías calcularase diariamente e actualízase coa periodicidade que determine o Regulamento do mercado.

2. As regras de determinación e actualización das garantías terán en conta:

- a) A natureza das operacións.
- b) A posición financeira resultante para quen deba constituílas.
- c) A volatilidade e a marxe máxima de flutuación diaria das cotizacións.
- d) Calquera outra circunstancia que, ao xuízo da sociedade reitora, poida influír sobre o risco de eventuais incumprimentos ou afectar a evolución dos mercados en que se negocien os activos nos cales se baseen os respectivos futuros, opcións ou instrumentos financeiros derivados.

3. O incumprimento da obriga da constitución ou actualización das garantías por un cliente ou por un membro do mercado poderá conducir ao peche de todas as súas posicións abertas, na forma que se determine no Regulamento do mercado. Adicionalmente poderanse realizar reclamacións adicionais por quebrantos non cubertos e pola aplicación das medidas previstas no Regulamento do mercado nos supostos de incumprimento das obrigas a que se refire este artigo.

Artigo 27. Materialización das garantías.

1. A constitución de garantías formalízase e materialízase nos termos previstos no Regulamento do mercado a través de calquera forma que, ao xuízo da CNMV, supoña unha garantía suficiente e líquida de cobertura de riscos ou mediante aquela que, con carácter xeral, estableza a CNMV mediante circular.

2. A xestión patrimonial das garantías achegadas por membros e clientes desenvolverase en nome e por conta destes con plena dispoñibilidade das garantías pola sociedade reitora ou o membro a cuxo favor se constituísen, que deberán aplicala aos fins para os cales foron constituídas en cumprimento do disposto no Regulamento do mercado.

A sociedade reitora ou o membro do mercado controlará adecuadamente o investimento dos correspondentes fondos, utilizando para o efecto contas separadas das súas propias, e informará puntualmente dos correspondentes movementos para que teña lugar a súa inmediata contabilización. O disposto neste número tamén será de aplicación nos casos en que as garantías constituídas a favor da sociedade reitora sexan custodiadas por unha entidade diferente debidamente autorizada para iso.

CAPÍTULO VI

Réxime de incumprimentos*Artigo 28. Réxime de incumprimentos.*

O Regulamento do mercado establecerá o réxime aplicable en caso de incumprimento polos membros e clientes das obrigas que lles corresponden, e determinará as causas de incumprimento, as medidas que se adoptarán en caso de incumprimento, así como os procedementos que se seguirán para a adopción desas medidas e as actuacións que corresponda levar a cabo á sociedade reitora ou aos membros do mercado.

As medidas que se deberán adoptar en caso de incumprimento poderán consistir na suspensión temporal do membro ou cliente, o peche ou o traslado de contratos rexistrados, a execución das garantías constituídas e, en última instancia, a perda da condición de membro ou cliente.

Artigo 29. Causas de incumprimento.

Consideraranse causas de incumprimento, nos termos que se establezan no Regulamento do mercado, o incumprimento por parte do membro ou cliente dos requisitos e das obrigas previstas no Regulamento do mercado ou nos contratos que deben subscribir coa sociedade reitora ou os membros, así como das normas de conduta que correspondan aos membros ou clientes de acordo co establecido na Lei 24/1988, do 28 de xullo, en especial o das normas relativas á prevención do abuso de mercado.

Artigo 30. Suspensión temporal de membros e clientes.

1. No momento en que existan indicios de que un membro ou cliente incumpriu os requisitos e obrigas previstos no Regulamento do mercado ou nos contratos correspondentes, poderase acordar a súa suspensión temporal nos termos que estableza o Regulamento do mercado.

2. Antes de acordar a suspensión temporal, se a causa de incumprimento o permitise e sempre que non exista risco para a sociedade reitora, para o mercado ou para os participantes nel, o Regulamento do mercado poderá prever que se conceda ao membro ou cliente un prazo prudencial para proceder a emendar o incumprimento.

3. A suspensión temporal do membro ou cliente supoñerá o establecemento das limitacións oportunas á súa actuación no mercado sen que, en ningún caso, se modifiquen as súas obrigas de constitución de garantías nin de realización dos pagamentos correspondentes ás liquidacións que en cada caso procedan.

4. As decisións de suspensión temporal de membros, en todo caso, e as de clientes, cando se trate dun incumprimento de especial importancia e transcendencia, comunicaranse á CNMV e, de ser o caso, ás correspondentes autoridades que teñan legalmente atribuídas potestades respecto da autorización e supervisión da actuación dos membros, dos clientes e da sociedade reitora.

Artigo 31. Peche ou traslado dos contratos.

1. Nos termos que se establezan no Regulamento do mercado, declarado o incumprimento dun membro ou cliente, poderase proceder ao peche dos seus contratos, así como ao traslado ou peche dos contratos que o membro incumpridor tivese por conta dos seus clientes.

2. Tras comunicalo á CNMV, xestionarase o traslado dos contratos que o membro que incorrese en incumprimento tivese rexistrados por conta dos seus clientes, xunto cos instrumentos financeiros e o efectivo en que estivesen materializadas as correspondentes garantías.

3. Poderanse pechar todos ou parte dos contratos correspondentes:

a) Nos casos en que non se puideren trasladar todos ou algúns dos contratos de clientes.

b) En caso de que, ao xuízo da sociedade reitora, a evolución do mercado tiver como consecuencia que as garantías correspondentes a todos ou a algúns dos contratos de clientes non cubran adecuadamente o risco da sociedade reitora.

c) En caso de que as garantías por posición non cubran adecuadamente o risco do membro a quen se efectúe o traslado dos contratos segundo corresponda.

4. Nos termos que se establezan no Regulamento do mercado, todos os custos e gastos derivados do incumprimento dun membro ou cliente deberán ser aboados polo cliente ou membro incumplidor, e serán deducidos, se é o caso, do produto obtido da execución das garantías constituídas por estes.

Artigo 32. *Deberes de información e cooperación.*

Nos termos que, de ser o caso, se establezan no Regulamento do mercado, os suxeitos que interveñan nos procedementos de adopción de medidas en caso de incumprimento están suxeitos aos seguintes deberes de información e cooperación:

a) Informar o cliente ou membro incumplidor das medidas adoptadas, coa maior brevidade posible.

b) Colaborar plenamente coa CNMV e, de ser o caso, coas correspondentes autoridades que teñan legalmente atribuídas potestades respecto da autorización e supervisión da actuación dos membros, dos clientes e da sociedade reitora.

c) Cooperar no intercambio de información en relación coas medidas adoptadas respecto ao cliente ou membro incumplidor, con calquera mercado, cámara de contrapartida ou sistema de compensación e liquidación en que actúe o cliente ou membro incumplidor, e coa CNMV ou calquera autoridade que teña legalmente atribuídas potestades respecto da autorización e supervisión da actuación dos membros, dos clientes e da sociedade reitora.

Disposición transitoria única. *Adaptación dos mercados autorizados a este real decreto.*

1. Os mercados de futuros e opcións financeiros autorizados ao abeiro da Lei 24/1988, do 28 de xullo, dispoñerán dun prazo de seis meses, a partir da entrada en vigor deste real decreto, para adaptaren as disposicións do seu Regulamento do mercado.

2. Ata que a CNMV faga pública a aprobación dos regulamentos adaptados, estes mercados rexeranse polo disposto no Real decreto 1814/1991, do 20 de decembro, polo que se regulan os mercados oficiais de futuros e opcións, a súa normativa de desenvolvemento, os regulamentos vixentes na data de entrada en vigor deste real decreto e, de ser o caso, polas circulares ditadas en desenvolvemento deste.

3. Ata que o titular do Ministerio de Economía e Facenda faga uso, se é o caso, da habilitación a que se refire a disposición derradeira segunda deste real decreto, entenderase vixente a Orde ECO/3235/2002, do 5 de decembro, pola que se desenvolven as especialidades aplicables aos mercados secundarios oficiais de futuros e opcións sobre o aceite de oliva.

4. Así mesmo, os ditos mercados deberán remitir á CNMV, nun prazo de seis meses a partir da entrada en vigor deste real decreto, a memoria de riscos a que se refire o artigo 3.1.d) deste real decreto na cal se detallan os criterios e políticas en materia de xestión de riscos, así como os mecanismos e procedementos que empregan para mitígalos.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1814/1991, do 20 de decembro, polo que se regulan os mercados oficiais de futuros e opcións, así como calquera outra norma de igual ou inferior rango no que se opoña a este real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Este real decreto dítase de conformidade co disposto no artigo 149.1.6.^a, 11.^a e 13.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento deste real decreto.*

O titular do Ministerio de Economía e Facenda e, coa súa habilitación expresa, a CNMV, ditarán as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto, incluíndo, se é o caso, as disposicións que eventualmente foren necesarias por razón das especiais características de determinados instrumentos financeiros ou dos activos subxacentes en que estes se baseen.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de outubro de 2010.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta segunda do Goberno
e ministra de Economía e Facenda,
ELENA SALGADO MÉNDEZ